

CRIME E CASTIGO

Aki Kaurismäki, 1983

1791

ESTREA EN NUMAX: 13.07.2026 | V.O.S.E. | 93 min

Adaptación da novela homónima de Dostoievski ambientada na Finlandia actual. Un ex-estudante de dereito irrompe no apartamento dun home de negocios e mátao aparentemente sen motivos. Nese momento chega Eva e aconséllalle ao asasino que escape.

«Kaurismäki constrúe unha obra fiel ao espírito de Dostoievski, ao tempo que asistimos á creación do universo persoal dun artista»

Eduardo Muñoz



Entrevista con Aki Kaurismäki: «Empecei a facer cinema porque non servía para un traballo honesto»

Por Antonio Castro

Apenas coñecemos nada da túa obra anterior, pero parece que, no referente ao cine, empezaches como actor e guionista e logo pasaches a ser director... Durante unha época fun o que se coñece como un tolo do cinema que vía seis películas ao día. Logo para unha mesma película, fun actor e guionista —de feito só fun actor en dous filmes— e xa inmediatamente pasei a ser director. Agora aínda sigo escribindo as miñas películas, prodúzoas e a pena é que non podo facer tamén a crítica delas.

Parece ser que *O mentireiro* —que era a película da que falabas antes e que estaba dirixida polo teu irmán Mika— supuxo unha especie de revolución no cine finés. Inspirástesvos directamente nas películas da «nouvelle vague»? *O mentireiro* foi un plaxio total da nova vaga francesa, pero fixémolos moi abertamente, de forma que todo o mundo podía darse conta diso. Pero quizá por iso mesmo tamén abriu as fronteiras do finés ao cinema europeo, e do cinema europeo ao finés, rompendo con esa tradición do noso cinema que era só intelixible para os cidadáns do noso país.

A túa primeira película é unha adaptación de *Crime e castigo* de Dostoievski. Por que empezar coa adaptación dunha novela tan famosa? Por varias razóns. A primeira é que lera no libro de entrevistas de Truffaut sobre Hitchcock no que este último afirmaba que el nunca tocaría “Crime e castigo” porque se trataba dunha novela infilmable. E eu pensei: voulle ensinar eu a Hitchcock. E a outra razón é que un cineasta finés tiña que esperar dez anos ata que puidese dirixir a seguinte. E pensei que se tiña que esperar dez anos era mellor facer unha película ambiciosa. Por iso fíxena e afortunadamente puiden dirixir rapidamente outro filme. De calquera xeito ao final deime conta de que Hitchcock tiña razón e de que era efectivamente unha novela imposible de filmar.

Viras outras adaptacións de *Crime e castigo* que se fixeran antes? Non, non as vin antes de facer a película e sigo sen velas agora. Tras *O mentireiro* decidín facer esta película e tamén decidín non ver nada que tivese que ver con ela. Creo que oín que había unha versión rusa espantosa, de máis de catro horas, pero non a cheguei a ver. Da de Sternberg con Peter Lorre só vira unha foto.

Variaron os teus gustos cinematográficos co paso dos anos? Non moito: Buñuel, Becker, Bresson, Ozu, están entre os meus preferidos. Godard gustábame moito ao principio pero agora non me interesa nada, pero eu creo que o que cambiou foi el, e non eu, porque as súas primeiras películas seguen gustándome aínda. Se falamos de influencia aprendín, de Becker e de Ozu, o corazón, e de Bresson, a crueldade. Buñuel é o rei de todos, pero a súa influencia é máis xenérica, non se pode detectar nuns planos. Abárcao todo. Creo que poñer o teu corazón nunha película é bo. Non o puxen en *Ariel* pero si o puxen en *Sombras no paraíso*. De calquera xeito eu empecei a facer cinema porque non servía para o traballo honesto, que é o traballo manual. Tamén quero precisar que a Finlandia da que fala a Triloxía, é a Finlandia dos anos 70 que é a que eu coñecía. A dos 80 non a coñecía ben porque xa estaba no cinema, pero a dos anos 70 cando eu era traballador manual coñezoa moi ben. Todos os meus personaxes nacen daquela época.

Publicado en *Dirigido por...* nº 177 (Febreiro de 1990)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*De Lumière a Kaurismäki.
La case obrera en el cine,
VV.AA.
Donostia Cultura*

NUMAX 10
numax.org